


Concurso de Beléns Afundación 2020
55 edición



Despois de 54 anos consecutivos levando a cabo o Concurso de Beléns cun mesmo formato e implicación na celebración do Nadal da cidade de Vigo, Afundación quere manter o seu compromiso con esta iniciativa adaptándoa ás circunstancias actuais da pandemia provocada pola COVID 19; para iso lanza a presente convocatoria de fotografías dos Beléns, e non dos propios Beléns. Afundación habilitará unha entrada na súa páxina web onde se mostrarán os beléns realizados polos participantes valorándose outras canles de divulgación que as circunstancias permitan.

A presente iniciativa desenvolverase consonte o que se establece nas seguintes:

BASES

Ante todo, a participación na presente 55 edición do Concurso de Beléns de Afundación –Fundación Galicia Obra Social, NIF G 70270293, domicilio aos efectos do presente Concurso en Policarpo Sanz 24 de Vigo-- supón a aceptación destas bases polos participantes:

1. Obxecto do concurso

O Concurso ten por obxecto premiar aos Beléns considerando a creatividade, claridade na mensaxe solidaria e mellor execución.

Para participar no dito Concurso, os concursantes achegarán tres fotografías do Belén que teñan realizado no ano 2020. O Belén deberá ter unha dimensión aproximada de 1 m² e realizado con materiais de elección libre.

2. Participantes

Poderá participar neste Concurso as persoas físicas individuais e maiores de idade, ou os colectivos de persoas físicas, que o desexen e, teñan residencia na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tamén teñen cabida, coa súa categoría específica, os colectivos menores de 16 anos.

3. Forma de participación

A inscrición formalizarase cubrindo o formulario correspondente aloxado na web de Afundación <https://www.afundacion.org/es/cultura/premios#section-concurso-de-belenes>, adxuntando ao propio formulario 3 imaxes do Belén que se presenta: fotografía xeral de fronte, fotografía xeral dun lateral, detalle a elixir.

4. Admisión e formato

As imaxes enviaranse en formato jpg., cun peso mínimo de 3 MB. Afundación poderá requirir nalgúns casos que remitan as fotografías nun formato maior.

5. Prazo

A participación no Concurso iniciárase o 6 de novembro de 2020 ás 0.00 e finalizará o 27 de novembro de 2020 ás 23.00 h.

6.- Xurado e premios

Afundación designará un xurado encargado de avaliar as fotografías.

O Xurado poderá rexeitar aqueles Beléns que, ao seu xuízo, non acaden mínimo de calidade artística, non encaixen nas finalidades da convocatoria, superen as dimensións establecidas ou se consideren inadecuados para o público infantil.

O fallo do Xurado, que é inapelable, efectuarase antes de divulgar os Beléns na web de Afundación.

Establécense as seguintes categorías de Premios:

a) Categoría xeral:

Maior creatividade.

Maior claridade na mensaxe solidaria.

Mellor execución.

Por cada unha das ditas categorías anteriores otorgaríanse dous premios:

Gañador: un premio de 300 € ; finalista un premio de 200 €

b) Categoría de Beléns elaborados por colectivos de integrados por persoas menores de 16 anos de idade establécense os seguintes premios: primeiro, de 100 €; segundo, de 75 € e terceiro, de 50 €.

O xurado conservará a posibilidade de deixar deserto algún dos premios.

O importe dos premios estará suxeito á correspondente retención para os efectos do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, de acordo coa lexislación vixente. Neste sentido, a persoa ou persoas premiadas deberanlle facilitar a Afundación o seu nome e apelidos, NIF e domicilio fiscal.

7. Responsabilidades

Afundación conservará o dereito de non admitir ou excluír as persoas participantes que acheguen imaxes que atenten contra a sensibilidade, faciliten datos falsos, erróneos ou inexactos ou que incumpran o establecido nas presentes bases, quedando Afundación eximida de calquera responsabilidade.

Afundación non se responsabiliza das posibles perdas, deterioracións, roubos, atrasos, cancelacións ou calquera outra circunstancia imputable a terceiras persoas, que poidan afectar o desenvolvemento xeral da presente iniciativa.

Por outra banda, Afundación conservará o dereito para cancelar, suspender e/ou modificar as presentes bases, na súa totalidade ou en parte, en caso de fraude, fallos técnicos, ou de calquera outro factor, máis aló do control razoable de Afundación. Do mesmo xeito, conservará o dereito para descualificar calquera persoa que manipule, ao seu entender, o proceso de participación ou o funcionamento do certame ou actúe en violación das presentes bases.

8. Exposición

Afundación e o xurado do concurso seleccionará os traballos máis interesantes para realizar unha exposición fotográfica presencial ou virtual. De cara á selección valorarase a creatividade, a orixinalidade e a mensaxe do Belén.

Afundación conservará o dereito a non realizar a exposición se as fotografías presentadas non reunisen, a criterio exclusivo da mesma, os méritos suficientes ou calquera outra causa derivada da situación actual de pandemia.

9. Producción

Afundación asumirá os custos asociados á exposición de acordo cos criterios de gasto e deseño que considere máis adecuados.

10. Información sobre privacidade e dereitos de imaxe

De conformidade co previsto no Regulamento Xeral de Protección de Datos europeo, infórmase de que os datos de carácter persoal serán tratados por Afundación --os seus datos completos e enderezo figuran no encabezamento destas bases.

A devandita información utilizarase para xestionar a inscrición e posterior participación na presente iniciativa, sendo a base de lexitimación o cumprimento da relación contractual conforme ao indicado nas propias bases. Os datos da persoa participante serán conservados ata que se realice a exposición á que se refiren anteriormente as presentes bases e, aínda despois, durante o tempo necesario para poder responder ás posibles reclamacións das persoas participantes. En calquera caso, os datos dos ou das participantes poderán ser conservados de maneira indefinida para os efectos de históricos.

A mera participación implica a súa autorización para que se realicen, de ser o caso, fotografías e vídeos das persoas participantes --en particular daquelas con obras que premie Afundación-- coa finalidade de promover o certame de Beléns, mesmo mediante a publicación na páxina web, perfís sociais, revistas e calquera outro medio de comunicación análogo. O tratamento dos seus datos, incluída de ser o caso a imaxe, é necesario para o desenvolvemento e execución da presen-

te iniciativa, sendo esta a base deste tratamento, polo que é obrigatorio que facilite os seus datos persoais, sendo imposible a participación na referida iniciativa en caso contrario.

Queda recoñecido o dereito de acceso, así coma o de rectificación dos datos inexactos ou, de ser o caso, o de supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para os fins que foron recollidos. En determinadas circunstancias, as persoas interesadas poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos ou opoñerse ao tratamento dos mesmos, nese caso unicamente os conservará Afundación para o exercicio ou a defensa de reclamacións. Para todo iso, as persoas usuarias poderán dirixir unha comunicación por escrito ao Comité de Privacidade: Santo Andrés 135-137, 2ª. 15003 da Coruña, ou remitir un correo ao enderezo rgpd@afundacion.org incluíndo, en ambos os casos, unha copia do documento nacional de identidade ou documentación acreditativa equivalente. No caso de que desexe exercer o dereito de portabilidade, facilitaráselle eses datos ao novo/a responsable.

Ante calquera eventual vulneración dos seus dereitos, pódese presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos, disponible na súa sede electrónica: <https://sede-rgpd.gob.es/>

11. Outras consideracións

As persoas participantes responsabilízanse da autoría e orixinalidade dos Beléns presentados, así como de que non existan dereitos de terceiras persoas sobre os mesmos ou sobre as súas fotografías, e das responsabilidades derivadas de calquera reclamación que por dereitos de imaxe, dereitos de contido intelectual etc. se puidese formular; exonerando a Afundación neste sentido.

As datas recollidas nas presentes bases poden verse alteradas por causas que Afundación considere precisas e que, de ser o caso, serán anunciadas na páxina web da entidade. O certame é válido en España.

Información

Web: www.afundacion.org

Tel.: 986 120 078

Correo electrónico: premios@afundacion.org

//Afundación

Obra Social ABANCA